



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tlf.: 981 886 501
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Jose Andrés García Cardeso, Alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN TRACTORISTA O ABEIRO DA ORDE DO 7 DE XANEIRO DE 2022 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).

Expte. TEDEC: 2022/E001/000004 (Emprego).

Expte. TEDEC: 2022/G003/000256(Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vistas as Bases que rexen a convocatoria para a contratación dunha persoa para o posto de tractorista como persoal laboral temporal por un período de 9 meses no Concello da Baña, aprobadas mediante resolución de Alcaldía con número e Decreto 202/2022, de 12 de maio de 2022, publicadas no taboleiro de anuncios do Concello da Baña, na sede electrónica municipal (sede.concellodabana.gal) e na páxina web desta entidade (www.concellodabana.gal), así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 95, de 20 de maio de 2022.

Vista a Resolución de Alcaldía 209/2022 do 16 de maio de 2022, mediante o que se aproba a lista de aspirantes admitidos no proceso selectivo, a lista de aspirantes excluídos e o motivo da exclusión, a publicación destas listaxes, así como a composición do tribunal cualificador e a data e hora de realización das probas selectivas.

Vista a acta do proceso selectivo formulada por unanimidade polo tribunal cualificador encargado da selección dun/ha tractorista sendo o resultado o que segue:

“ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DUN TRACTORISTA NO CONCELLO DA BAÑA EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

LUGAR: nave municipal da rúa Tedelle

DATA: 25 de maio de 2022

HORA DE COMEZO: 9:00 h

HORA DE REMATE: 10:34 h

ASISTENTES:

Presidenta: Manuela Sofía Abelenda Antelo

Secretario: Vera Lucía Antelo Suárez

Vogais: - María Dolores Landeira Liñares

- Ricardo Torreira Pensado
- José María Vilacoba García

Reúnese a comisión para a selección dun/ha tractorista para a Brigada de Obras, de acordo cos criterios establecidos no decreto número 2022/G003/000220 que aproba as bases para a contratación dun tractorista de persoal laboral para a Brigada de Obras durante 9 meses.

De acordo co establecido na base número 4 que establece os criterios de selección das persoas candidatas remitidas pola Oficina de Emprego Santiago-Norte (oferta 12-2022-5159), foron as seguintes:

- Antonio Blanco Lueiro
- Esteban García González
- Manuel Longueira Casabiell
- Jose Manuel Rey Villar
- Adrián Suárez Castro

Ás 9.00 h, as persoas candidatas presentadas realizan a proba práctica no terreo da nave da Brigada de Obras na que Adrián Suárez Castro acadou unha puntuación de 7 puntos e Antonio Blanco Lueiro, 4 puntos e Manuel Longueira Casabiell, 4 puntos. José Manuel Rey Villar non se presentou.

Ás 9:30 a Comisión realiza a segunda proba que consiste nunha entrevista técnica sobre as funcións que hai que desenvolver. Nesta proba, Adrián Suárez Castro consegue 1 punto, Antonio Blanco Lueiro, 1 punto e Manuel Longueira Casabiell, 0 puntos.

Ás 10.00 horas Antonio Blanco Lueiro realiza a proba de lingua galega equivalente a un Celga 1 na que obtén a cualificación de non apto. Manuel Longueira Casabiell non se presenta e Adrián Suárez Castro presenta o certificado que acredita que posúe coñecementos básicos de lingua equivalentes a un Celga 1.

Segundo isto, Adrián Suárez Castro obtén unha cualificación total de 8 puntos e Antonio Blanco Lueiro de 5 puntos.

De acordo con todo o anterior, a Comisión propón contratar como tractorista a Adrián Suárez Castro

A presidenta declara rematada a sesión sendo ás 10:34 horas do día 25 de maio de 2022.”

Visto que don Esteban García González foi declarado excluído do proceso selectivo no referido Decreto 209/2022.

Visto que segundo a base sétima en aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de apto ou non apto e quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente.

Visto que dita proba non forma parte da fase de oposición, sendo simplemente unha proba para determinar o cumprimento do requisito de coñecemento da lingua galega.

Visto que don Antonio Blanco Lueiro e don Manuel Longueira Casabiell non acreditaron o coñecemento da lingua galega a través de título válido ou a través da realización da mencionada proba, ou simplemente non acudiron á mesma.

Visto que, polo tanto, deben ser excluídos do proceso selectivo ó non cumprir o requisito de coñecemento da lingua galega recollido na base cuarta.

Visto que a base novena determina que unha vez concluído o proceso selectivo, o Concello da Baña publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello, na súa Sede Electrónica e na paxina web: www.concellodabana.gal, así como no portal de transparencia municipal, as listaxes das persoas candidatas que se contratarán e as listaxes de persoas suplentes, coas que se formará unha bolsa de traballo para cubrir as vacantes que eventualmente puideran xurdir, ou para atender necesidades de emerxencia e imprevistos en xeral.

Visto que as persoas aspirantes propostas para formalizar o contrato laboral, deberán presentar nun prazo máximo de dous días naturais dende a publicación da lista de candidatos os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

Visto que o único candidato que superou o proceso selectivo é don Adrián Suárez Castro, con DNI ****951**, cuxos datos relativos á titularidade de conta bancaria e á Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social xa constan en posesión desta entidade.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro:- Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Aprobar a listaxe da persoa candidata que se contratará, non podendo aprobar unha listaxe de persoas suplentes, coas que se formará unha bolsa de traballo para cubrir as vacantes que eventualmente puideran xurdir, ou para atender necesidades de emerxencia e imprevistos en xeral ó non existir candidatos suplentes que superaran o proceso selectivo.

Terceiro: Publicar no Taboleiro de Anuncios do Concello, na súa Sede Electrónica e na paxina web: www.concellodabana.gal, así como no portal de transparencia municipal, a listaxe do acordo anterior.

Cuarto.- Aprobar a contratación en réxime laboral temporal como tractorista a xornada completa por un período de nove meses desde o 1 de xuño de 2022 a don Adrián Suárez Castro con DNI ****951**, cuxa retribución salarial bruta incluída a parte proporcional das pagas extras da persoa traballadora será de 1.166,67 euros/mes de acordo coa base primeira.

Quinto.- Notificar esta resolución ó interesado.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación,

así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno o señor O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.